Roberto Fernández Rico (1 para 1)
Alcalde de Ribeira de Piquín
Data de Sinatura: 11/02/2021
HASH: 07ffa4b7d7daa70110d8e1000e7a6308

Concello de Ribeira de Piquín

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza xeral reguladora da expedición das tarxetas de accesibilidade, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez (10) días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	*Facilitarlles o acceso en condicións de igualdade aos espazos e servizos comunitarios e axudarlles a desenvolverse cunha mínima comodidade no seu medio habitual de vida, ás persoas con discapacidade e problemas importantes de movilidade, que se atopan nunha clara situación de desvantaxe respecto das demáis persoas para realizar un gran número de actividades cotiás.*
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	*A regulación a nivel municipal da expedición das tarxetas de accesibilidade, segundo o disposto na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade e no Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*
Obxectivos da norma	*Promover a accesibilidade e a supresión de barreiras ás persoas con discapacidade e problemas de movilidade do Concello de Ribeira de Piquín.*

Ribeira de Piquín, 11 de febreiro de 2021

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Alcalde-presidente.
DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Chao de Pousadoiro, s/n cp 27242 (LUGO) **Teléfono** 982 333 601 **Fax:** 982 333 735 **NIF** P2705300H
Mail: concello@ribeiradepiquin.es

Cod. Validación: 3EXC5KZFKD695JGASRDH756M2 | Corrección: https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 2

Chao de Pousadoiro, s/n cp 27242 (LUGO) **Teléfono** 982 333 601 **Fax**: 982 333 735 **NIF** P2705300H
Mail: concello@ribeiradepiquin.es

Cod. Validación: 3EXC5KZFKD695JGASRDH756M2 | Corrección: https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 2